

@luís.r.2020

Educar a través dunha ventá



O camiño de volta*

O espazo que media entre hoxe e mañá é un complemento circunstancial difícil de clasificar. Así o percibiu André ao abrir a porta da casa, tantos días fechada, a cal e canto. Pasou os últimos cincuenta días amouroado, sen tan sequera sombras, nin de Grey.

Habitar o espazo infinito que mediaba entre hoxe e mañá coa esperanza posta na alma, pouco tinguida de verde, non lle aportou demasiada ilusión. Mais había que botar o pé fóra, pisar o chan de terra e abandonar o solo de madeira puída.

Hai veces que a mente guía os nosos pasos e a mente de André precisaba dun guía, urxentemente. Como non había ningún de garda nin Amazon proporcionaba ese servizo, optou por un andar mecánico, case miudiño, como a choiva, e sen guía.

No orballo da cidade, entregada ao silencio a esa hora da mañá, descubriu que aínda sabía respirar, o aire da mañá, como antano. E respirou, a pulmón aberto, ao tempo que alancaba sobre a lenta agonía dunhas rúas desertas.

Vivir a uns centos de pasos da civilización, no abandono do extrarradio, dunhas cidades construídas sobre o centro, para os do centro e concéntricas agora era un luxo. A este lado da cidade da incultura metida no monte, sen beirarrúas nin decencia, era un luxo respirar o aire da mañá.

Mais axiña espertou do seu soño. Atravesou a ponte metálica, agasallo da civilización nun exceso de consideración co inframundo da urbe e os seus poucos habitantes. A esoutro lado da ponte metálica, André espertou á realidade dunha riada humana que todo o ocupaba. Peóns con corredores; corredores con ciclistas; camiñantes con ciclistas... Un mundo de xente inmunda.

De súpeto, a cidade espertara, e abandonada a corentena, colonizaba o espazo antes deshabitado dun xeito inusual. Ás riadas de xente, sumáronse os coches e as voces. Todo cambiara. Os donos da urbe asaltaban o extrarradio, sen beirarrúas para todos, sen espazo e sen decencia.

Abandonou o andar mecánico, miudiño como o orballo, tomou o control e virou supetamente. Desandou eses centos de metros, o seu territorio ermo de tantos anos, e enfiou o camiño de volta. Estaba destinado a agardar detrás da porta, sen sombras, nin de Grey, ata que os colonizadores de espazos alleos tivesen outra cousa en que entreterse e devolvesen a André e aos seus veciños o territorio que sempre lles pertenceu, ese lado escuro, nesta aba do monte, na cara oculta dese monstro chamado cidade da cultura.

Cando pechou a porta, respirou tranquilo e aliviado. Agora si sabía que os virus teñen cura, tarde ou cedo, aínda que sexan contaxiosos. Máis contaxiosa é a estupidez humana e esta si que non ten cura.

Entregouse á procura de máis sombras, aínda que non fosen de Grey... Sempre haberá un mañá, aínda que iso sexa futuro, incerto ou condicional. Explorar as augas avoltas da probabilidade concede algunha oportunidade de crer no ser humano.

E André entregouse a esa espera. Mentres os libros non anden non lle faltará compañía.

Luís Rilo, *Contos contaxiosos*



Sar, marzo-xuño 2020
En tempos de corentena

** Dedicado a todos os meus alumnos de 4º de ESO do curso 2019-20, ese que vivimos e rematamos perigosamente a través das nosas ventás.*

Coronatextos*

I

...aínda que non sexa posible chegar ao límite de gañar o palio, correde, correde e facede todo o que poidades nun asunto tan importante, resistindo ata o último fogo do voso espírito. [...] Non só merece honores o único individuo que gañou a carreira, senón tamén todos aqueles que correron tan ben como para seren xulgados dignos e capaces de ter gañado, aínda que non fosen os vencedores.

(Giordano Bruno, *A cea das cinzas*, 1548-1600)

II

O home nace bárbaro, redímese de besta cultivándose. Fai persoas a cultura, e máis canta máis. Mercé a ela puido Grecia chamar bárbaro a todo o resto do universo. É moi basta a ignorancia. Non hai cousa que máis cultive có saber.

(Baltasar Gracián, *Oráculo manual e arte de prudencia*, 1601-1658).

III

Sabe como se fai un camiño aquí? Ou polo resplandor da xenialidade ou pola maña da corrupción. Hai que entrar nesa masa de homes como unha bala de canón ou esluírse dentro como unha peste. A honradez non vale de nada. Encartámonos diante do poder da xenialidade, aborrecémola, tentamos calumniala porque toma sen compartir; pero a corrupción abunda, o talento escasea, a corrupción é a alma da mediocridade, que abunda.

(Honoré Balzac, *O pobre Goriot*, 1799-1850)

IV

O inferno dos vivos non é algo que será, é aquel que xa existe aquí, o inferno que habitamos todos os días, que formamos estando xuntos. Dúas maneiras hai de non padecelo. A primeira é doada para moitos: aceptar o inferno e volverse parte del ata o punto de non velo. A segunda é perigosa e esixe atención e aprendizaxe continuos: buscar e saber recoñecer quen e que, no medio do inferno, non é inferno e facelo durar, e darlle espazo.

(Italo Calvino, *As cidades invisibles*, 1923-1985)

V

Se soubese dalgunha cousa que me fose útil e que resultase prexudicial para a miña familia, expulsaría da miña mente. Se soubese dalgunha cousa útil para a miña familia, pero que non o fose para a miña patria, trataría de esquecerla. Se soubese dalgunha cousa útil para a miña patria, mais prexudicial para Europa e para o xénero humano, consideraría un crime.

(Montesquieu, *Pensamentos*, 1689-1755)

VI

Temos o dereito de afirmar que o home non puido adquirir acerca da muller, tal cal foi ou tal como é, deixando á parte o que podería ser, máis que un coñecemento sobradamente incompleto e superficial, e que non adquirirá outro máis fondo mentres as mesmas mulleres non digan todo o que hoxe calan.

(John Stuart Mill, *A escravitude feminina*, 1806-1873)

VII

A escola debe plantearse sempre como obxectivo que o mozo saia dela cunha personalidade harmónica e non como un especialista. Na miña

6

opinión, isto é aplicable, en certo sentido, mesmo ás escolas técnicas, cuxos alumnos dedicaríanse a unha profesión totalmente definida. O primeiro debería ser, sempre, desenvolver a capacidade xeral para o pensamento e o xuízo independentes e non a adquisición de coñecementos especializados.

(Albert Einstein, *Sobre a educación*, 1879-1955)

* O que antecede é unha selección traducida de parte dos textos que Nuccio Ordine propón para conseguir unha pequena biblioteca ideal para educar os mozos na súa obra *Clásicos para a vida*. Fágooos meus agora como agasallo fin de curso dado que a corentena privounos de levar á aula o que eu considero a esencia da educación: fomentar o espírito crítico e autónomo dos nosos rapaces. Agardo que vos presten e vos permitan pensar un pouquiño.

O peso da soledade

O peso da soledade
non é para todas as costas.

Baixo unha luz cenital,
o home é un fito senlleiro,
un ún que se non projecta,
Atlas que o ceo sostén.

Deixa, pois, aos que han mester,
esa droga vitamínica,
o amor, a ilusión, a esperanza,
inda que seja unha sombra.

Unha sombra é algo.
unha sombra acompaña.
só os mortos non teñen sombra.
porque ja non lles dá o sol,
ou porque están no seu centro.

(Ricardo Carvalho Calero, *Futuro condicional*)

Despedida da Promoción 4º ESO 2019-20 *Luís Rilo*

Daniel ASEGUARADO MOUGÁN-Lara CACHEDA ENRÍQUEZ-Carmen CARREIRA ALBARRÁN-Zoe CORRAL VÁLDÉS-Claudia FERNÁNDEZ BARROS-Nazaret GARCÍA CASTRO-Alexia GARCÍA PUENTE-Sofía GONZÁLEZ MAHÍA-Silvia LAFUENTE RODRÍGUEZ-Gonzalo LANDDEIRA RODRÍGUEZ-Julían MAYO ROMARÍS-Óscar MÍGUEZ PÉREZ-Cristina MONTERO MACÍAS-Carolina NOYA RIVAS-Eduardo PEREIRO DA TORRE-María PÉREZ MORETA-Miguel PIÑÓN ÁLVAREZ-Laura QUINDIMIL BARROSA-Ada QUINTELA RIAL-Jaime REPRESA PEDROSA-Iago RIAL VEGA-Enrique RIVAS SÁNCHEZ-Xosé RODRÍGUEZ MOSTEIRO-Alejandro RODRÍGUEZ RIVERO-Manuel RODRÍGUEZ SORIANO-María ROMERO GARCÍA-Marta SEOANE ABRALDES-Mily TACÓN GARCÍA-Ana VARELA REY *4º ESO A* Xoel CAAMAÑO LÓPEZ-Carla CAJARAVILLE SEOANE-Elena CAMARENA GARCÍA-Elena CASTRO CHAO-Francisco COLLAZO OTERO-Pablo CRUZADO PAGÁN-Sara DIOS SUÁREZ-Xián DOMÍNGUEZ PICALLO-Roberto FERRO RODRÍGUEZ-Javier FRANCO HERNÁNDEZ-Iago FUENTES COUSO-Noa GALLEGO LORENZO-Javier GARCÍA NEIRA-Carlos GÓMEZ-RANDULFE TALLÓN-Alba GONZÁLEZ BAO-Alexandre LOURO PIÑEIRO-Carlos LOURO RODRÍGUEZ-Xiana MANEIRO VARELA-Candela MARTÍNEZ PIÑEIRO-Lucía MONTERO OTERO-Alba NOYA RODRÍGUEZ-Aroa OTERO GIGIREY-Nicolás PARDO PARDO-Antón PRECEDO VÁZQUEZ-Lucía RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ-Jaime SUÁREZ DE LA RIVA-Pedro VARELA CASTRO-Xaquín VIEITES TORREIRO-Marcos VIÑA MOURIÑO *4º ESO B* Adrián ÁLVAREZ SUÁREZ-Andrea BARBEIRA VILAR-Alberto BARREIRO UZAL-Sergio BÉRTOLO CASTRO-Martín CABALEIRO DÍAZ-Estela CHICOTE AMIGO-Carolina DÍAZ MOLTÓ-Brais DOSUNA SOUTO-Santiago FERNÁNDEZ-REFOJO TREBOLLE-Martín GARCÍA RODRÍGUEZ-Marcos GARCÍA SILVA-Andrea GÓMEZ-JURADO OTERO-Iago GONZÁLEZ BAO-Daniel LÓPEZ PEREIRA-Eloy LOZANO BARRIOS-Douglas MAGALLANES BASCOY-Sergio MARTÍN TREBOLLE-Mario MARTÍNEZ PICO-Rocío DEL MORAL MILLÁN-Iago OTERO FERNÁNDEZ-David OTERO GUTIÉRREZ-Martín OTERO OTERO-Carlos REBOREDO BARROS-Santiago RIAL NOYA-Ángel RODRÍGUEZ LIJÓ-Iván SÁNCHEZ FUMEGA-Carla SEOANE SIEIRA-Marín SUÁREZ SABEL-Matías TROITIÑO PIÑEIRO-Jorge VILARIÑO RÍOS *4º ESO C* Eva BALTAR LORENZO-María CARPENTE VIQUEIRA-Eva CENDAL MAROÑO-Antía DÍAZ REGUEIRA-Iván ESPASANDÍN SUÁREZ-Marta FERNÁNDEZ SANMARTÍN-Alba GÁNDARA GUEDE-Aitana GONZÁLEZ CONDE-Natalia LAFUENTE GUTIÉRREZ-Rubén GUTIÉRREZ LÓPEZ-Andrea IGLESIAS MATO-Uxía LAPIDO SAMPEDRO-Sofía LÓPEZ GÓMEZ-Irene LÓPEZ RODRÍGUEZ-Alma MARIÑO SÁNCHEZ-AGUSTINO-Pedro MARTÍNEZ BALUJA-Elisa MARTÍNEZ VIDAL-Noel MÍGUEZ RODRÍGUEZ-Lucía MIRA PEREIRA-Lea MOTA CAMINO-Marcos NIETO IGLESIAS-Gabriel OTERO POMBO-Sofía PHILLIPS LAREU-Alejandra PORTO IGLESIAS-Lucía PRADO SENLLE-Paula RIAL LISTA-Lidia RUEDA PIÑEIRO-Pablo SEOANE RÍOS-Pablo TRIGO ROSÓN-Marcos VALÍN MELLA-Adriana VÁZQUEZ RODRÍGUEZ-Celia VÁZQUEZ SEOANE *4º ESO D*

COLEXIO LA SALLE – SANTIAGO- PROMOCIÓN 4º ESO 2019-20



